



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintese de xullo do 2005, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no n^o 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre o recurso de reposición presentado por D. Plácido Salgueiro Méndez, contra resolución de data 10/03/05, adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra sobre a clasificación dos montes "*Faxide e outros*" da CMVMC de Chaín, do concello de Gondomar.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 10/03/05, o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra, dicta resolución no expediente de clasificación dos montes "Españeira, Paraboa, Pintor I, Pintor II e Teixugueira" na que acorda non clasifica-las parcelas obxecto do expediente o non quedar acreditado o seu aproveitamento por parte dos veciños da parroquia de Chaín.

SEGUNDO.- Contra dita resolución D. Plácido Salgueiro Méndez, interpón recurso de reposición esgrimindo os seguintes motivos de oposición:

- Que en informe técnico de data 30/07/03, constaba a existencia de usos e aproveitamentos nas referidas parcelas
- Que a parcela "Pantano", atópase dentro dos límites parroquiais de Sta. María de Chaín
- Que a parcela "Teixugueira", debe ser clasificada excludindo a parte ocupada por unha vivenda



- Resulta contrario ó establecido no artigo 1 da Lei 13/89, a non clasificación dunha parcela que se fundamente no feito de non constar cunha superficie mínima, posto que como queda patente na xurisprudencia, o definitivo é a existencia ou inexistencia de aproveitamento consuetudinario polos membros da comunidade de que se trate
- Da documentación indicada no expediente e dos actos posesorios que se efectúan, queda acreditado que os veciños de Chaín, viñeron poseendo e aproveitando os montes "Faxide e outros" dende tempo inmemorial en réxime de comunidade xermánica sin especial asignación de cuotas

TERCEIRO.- Dado traslado do referido recurso ás persoas que no expediente figuran como interesadas e no prazo conferido para iso. D. Plácido Salgueiro Méndez aporta a documentación que entende favorece á súa pretensión, e D. Olegario Martínez Iglesias, como representante da CMVMC de S. Benito, presenta un escrito no que solicita se lle comunique a resolución adoptada.

CUARTO.- Na parcela denominada "Pantano", o Xurado de Montes na súa reunión de data 20/02/03, acordou deixa-la fora da incoación do expediente de clasificación, polo que non se terán en conta as alegacións aportadas.

Con respecto á parcela "Paraboa", na visita realizada o día 26/07/05, en presenza do enxeñeiro do distrito D. Fernando castro, apreciase un uso actual por parte dos veciños con labores de poda, desbroce e limpeza dun canal de rego, polo que se acepta o recurso de reposición.

En relación á parcela "Teixugueira", na visita anteriormente citada, e coa planimetría achegada dentro do límite aparecen propiedades particulares ou ben poderían ser ocupacións, polo que non se acepta o recurso de reposición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolve-los recursos de reposición contra das súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.

Segundo.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- Na tramitación do expediente seguiu-se o procedemento establecido na Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e no Decreto 260/1992, polo que se aproba o Regulamento da lei de 10 de outubro de 1989.

Cuarto.- Do estudo do expediente e das alegacións efectuadas, e a visita feita polo instructor, compróbase que so na parcela "Paraboa" pode aceptarse os argumentos do recurrente o quedar demostrado un aproveitamento por parte dos veciños (labores de poda, desbroce e limpeza dun canal de riego). No resto das parcelas non queda acreditado o aproveitamento veciñal.



En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, proponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

ESTIMAR parcialmente o recurso plantexado e **CLASIFICAR** a parcela denominada "Paraboa" como monte veciñal en man común, a favor da CMVMC de Chaín, do concello de Gondomar, con arreglo á seguinte descripción e o plano efectuado polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución:

NOME DO MONTE: "Paraboa"

Cabida: 4.172 M/2 aprox.

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Domingo Salgueiro Bravo, David Alonso Fernández, Carmen Salgueiro Rial, Carmen Rial Salgueiro, Alfonso Salgueiro Salgueiro, Dolores Fernández Troncoso, José Domínguez Couto e Nélida Salgueiro Salgueiro

Sur: Camiño a Faxide e camiño de Cayagua e Teixugueira a Paraboa

Leste: Propiedades particulares de Celso Martínez Figueroa, Cristina Vicente Alonso,

Victoria Alonso Salgueiro, Manuel Dacosta Fernández, Alfonso Couto Fernández, Dolores Fernández e Herdeiros de José Domínguez


Oeste: Propiedades particulares de Manuel Salgueiro Rial e Herdeiros de José Fernández Hermida

Ocupacións: Non hai

Servidumes: Canal de riego, camiño de servizo do mesuro e camiño asfaltado a Faxide

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





[Handwritten signature]

MONTE "PARABOIA"
 C.M.V.M.C. DE CHAIN
 SUP. = 4.172,0 m²

DATA - XUÑO - 2.005
 ESCALA - 1/5.000
 AUTOR - TOPOGRAFIA
 N.º DA FOLIA :
 261-23
 261-33

TRABALLO - PLANO DE CLASIFICACION
 CONCELLO - GONDOMAR PARROQUIA - CHAIN
 COMUNIDADE - CHAIN MONTE - PARABOIA



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 SERVIZO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA